



A Consellería do medio rural ten a intención de aprobar, cos fins que a continuación se expoñen, un decreto polo que se desenvolve o **Rexistro de masas consolidadas de frondosas autóctonas** para favorecer a xestión forestal sustentable:

Segundo os datos do Cuarto Inventario Forestal Nacional, en Galicia hai 1.400.000 ha arboradas, en números redondos. Delas, as masas de frondosas autóctonas suman máis de 415.000 ha puras ou mesturadas, principalmente compostas por individuos dos xéneros Quercus, Castanea e Betula.

O artigo 126.1 da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia crea o Sistema rexistral forestal de Galicia, incluíndo nel o Rexistro de masas consolidadas de frondosas autóctonas, donde quedarán rexistradas aquelas masas descritas no artigo 93 da lei.

Segundo esta descrición, se deben rexistrar aquelas masas de frondosas do anexo 1 da lei cunha superficie en coto redondo de alomenos 15 hectáreas e unha idade media de alomenos vinte anos, quedando excluídas as plantacións forestais.

Para o seu aproveitamento, a lei establece a necesidade de aprobar un documento compartido de xestión para o conxunto das propiedades que integran a masa. A tal fin, a Administración forestal debe promover e fomentar a agrupación dos propietarios forestais.

No decreto se debe recoller o concepto, concretándoo se é necesario, regular o procedemento de inscrición, o acceso ao rexistro e os efectos da inscrición dunha masa (beneficios e obrigas, particularmente no que se refire aos aproveitamentos e a xestión conxunta da masa).

Para os efectos do artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, se sustancia unha consulta pública para solicitar a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.